



I TROFEO CLUB DEPORTIVO LA PURÍSIMA- CONCELLO DE PEREIRO

15/05/2021- Pista Atletismo Josefina Salgado (Monterrei)

MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI COVID-19

ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada preto das novas pistas de tenis da pista de atletismo Josefina Salgado, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

- Non se permite o acceso de público, soamente un acompañante nas categorías sub 8 e sub 10, que só poderá acceder a grada durante a proba do seu filla/o.
- Autorizarase o acceso á instalación, únicamente, as/os atletas participantes, adestradores, xuíces e persoal de organización.
- O uso das bancadas será exclusivo para participantes, o acompañante en categoría sub 8 e sub 10, delegados e adestradoras/es acreditados onde deberán gardar a distancia de seguridade.
- Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Os/as adestradores/as dos/as atletas participantes, así como os pais dos atletas sub 8 e sub 10 poderán solicitar acreditación ata ás 20:00 horas do 14/05/2021 no formulario publicado na web da Federación Galega de Atletismo: atletismo.gal a razón (un adestrador por cada 8 atletas).

Os dorsais serán entregados na carpa de recepción a competición.

USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido. Haberá produto hixienizante para a zona de salto de altura, na zona do salto con



pértego o foso de salto de lonxitude, os artefactos de disco, martelo, peso e xabalina e os tacos de saída das carreiras.

VESTIARIOS

Os vestiarios: estarán pechados ó público e atletas.

Podera facerse uso dos servizos.

CÁMARA DE CHAMADAS

A Cámara de Chamadas estará situada dentro do recinto da pista, no comezo da primeira curva.

ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas disporán do exterior do recinto para facer o queceamento e dentro do mesmo: na contrarecta da pista de atletismo (**NUNCA NO LADO DA GRADA**). O queceamento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade (mínimo 1,5 m.) respecto aos demais atletas.

CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entra na zona de competición serán depositadas nunha Caixa na saída e entregárase unha nova vez chegado a/o atleta a meta. **No caso de abandono sen concluír a proba, a/o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.**

CONCURSOS

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría (onde se atopa a foto finish) ata una hora antes do comezo da proba. Os/as atletas deberán manter en todo momento unha correcta hixiene de mans. Os artefactos serán desinfectados.

COORDINADOR PROTOCOLO FIDICOVID - DXT GALEGO

A organización estará a disposición do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación, **sen saltarse o principio do superior interés do/a menor.**



NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

PLANO DA INSTALACIÓN

